



CONCELLO DE CHANTADA

CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

ANUNCIO

AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “SERRA DO FARO IX” DE CHANTADA, CARBALLEDO E TABOADA.

Primeiro.- Beneficiarios: Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, as cales desempeñan actividades que están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro Dual de Emprego de Chantada, Carballedo e Taboada, no que se impartiu a formación necesaria para obter os seguintes certificados de Profesionalidade: EOCBO209 – Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, de Nivel 1; AGAO0208 – Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes, de Nivel 2 e SSCS0208 - Atención sociosanitaria á persoas dependentes en institucións sociais, de Nivel 2, que contraten traballadores/as por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos Concellos de Chantada, Carballedo e Taboada.

Segundo.- Obxecto: Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro IX, financiados a través da convocatoria 2024 de Axudas e Subvencións a Obradoiros Duais de Emprego, pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, pertencente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Bases reguladoras: as bases completas e os modelos de solicitude están publicados na páxina web do Concello de Chantada, <http://www.concellodechantada.org> no apartado de Anuncios.

Cuarto.- Contía: Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 euros, por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes: sete días naturais (7) contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

Chantada, a data de sinatura electrónica.

O alcalde

Asdo. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

